

CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A ASOCIACIÓN GALEGA DE EDITORAS, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E CONSOLIDACIÓN DO SECTOR DO LIBRO E PARA O MANTEMENTO DA ASOCIACIÓN, NO ANO 2026.

En Santiago de Compostela,

REÚNENSE:

Dunha parte, a consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (en adiante, "a Consellería") e no seu nome e representación, José López Campos, en virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, para o que foi nomeado polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra, a Asociación Galega de Editoras, con NIF G15130594, (en adiante a AGE) e no seu nome e representación, Miguel Toval Porta, na súa condición de presidente, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que ostentan, se recoñecen reciprocamente capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio de colaboración e, en consecuencia,

EXPOÑEN:

Que as dúas entidades son conscientes da necesidade de actuacións de carácter sociocultural que permitan unha adecuada oferta, co obxecto de satisfacer as necesidades en materia cultural.

Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro dese ámbito competencial, a Consellería vén desenvolvendo dende anos atrás unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e



promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia (*DOG* núm. 7 do 10 de xaneiro de 2007) recoñece o libro e a lectura como instrumentos indispensables para a transmisión da cultura e para o desenvolvemento da nosa identidade. Ademais, procura a promoción do libro galego e da súa lectura polo que supoñen de contribución xenuína de Galicia ao marco mundial da cultura.

Contémpanse nesta lei medidas que perseguen colaborar coas editoras galegas e as súas asociacións profesionais no seu funcionamento e naquelas actuacións que se articulen arredor da actividade editorial e no seu dobre aspecto de ben cultural e de ben industrial e económico.

En concreto, no seu artigo 15.2 considera necesaria a colaboración entre a Administración autonómica e as editoras galegas mediante accións específicas encamiñadas á promoción do libro galego tanto en Galicia como fóra dela.

Para dar cumprimento ás devanditas disposicións normativas, a Consellería quere apoiar o funcionamento da AGE e as súas actividades de promoción do sector editorial galego dentro e fóra de Galicia.

Pola súa parte, a Asociación Galega de Editoras, fundada hai 40 anos, conta con 46 editoriais asociadas na actualidade, exerce o labor de representación das empresas editoriais galegas de ámbito privado. Integrada na Federación de Gremios de Editores de España, a AGE encárgase da xestión e defensa dos intereses comúns das editoras galegas e a promoción e difusión dos libros galegos. Dende o ano 2011, todas as editoriais galegas que desenvolven unha actividade profesional poden integrarse na asociación, con independencia da lingua na que editen.

A AGE proporciona servizos de información actualizada sobre o sector do libro. Entre os seus obxectivos destacan os seguintes:

- Consolidación do sector libro.
- Integración e cooperación intersectorial.
- Profesionalización do sector.
- Apoio diante dos novos retos impostos pola dixitalización.



- Promoción e visibilización da produción propia.
- Cooperación e establecemento de sinerxías con outros sectores.

A AGE ten previsto desenvolver as seguintes actuacións:

1. XXII Simposio O Libro e A Lectura 2026. A edición do Simposio deste ano centrarase na proxección internacional das editoriais, coa tradución como porta de entrada a outros mercados e coa participación de organismos de apoio á proxección do libro.
2. Xornadas profesionais e formativas dirixidas a asociadas.

As xornadas profesionais ofrecense ás empresas asociadas coa finalidade de mellorar a súa competitividade e as competencias profesionais no sector do libro.

3. Participación en eventos organizados por outros gremios de editores, como a Federación de Gremios de Editores de España e CEDRO.
4. Participan en Forum Edita Barcelona, organizado polo Gremi d'Editors de Catalunya e a UPF Barcelona, evento anual de referencia para o sector editorial e que en 2026 acada a 11ª edición.
5. Encontro da Edición, que este ano celebrarase en Compostela do 30 de xuño ao 2 de xullo.

A Consellería considera de interese para o sector do libro galego dar apoio á AGE para que esta realice actividades de promoción da lectura e do libro dentro e fóra de Galicia, en colaboración cos axentes do ecosistema do libro galego e da cultura de Galicia en xeral.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,



ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- OBXECTO

É obxecto deste convenio a colaboración entre a Consellería e AGE para a realización de diversas actividades culturais, accións de fomento e promoción da lectura e do libro como motor do coñecemento, a promoción da formación dos profesionais do sector, así como colaborar nos gastos de funcionamento da entidade.

SEGUNDA.- ACTUACIÓNS

As actuacións obxecto deste convenio son:

1- XXII Simposio O Libro e A Lectura 2026. A edición do Simposio deste ano centrarase na proxección internacional das editoriais, coa tradución como porta de entrada a outros mercados e coa participación de organismos de apoio á proxección do libro.

2- Xornadas profesionais e formativas dirixidas a asociadas. A súa finalidade mellorar a competitividade das empresas asociadas e as competencias profesionais no sector do libro, en especial para facer fronte aos novos retos do sector e do mercado editorial.

3- Participación en eventos organizados por outros gremios de editores, como a Federación de Gremios de Editores de España e CEDRO.

4- Participan en Forum Edita Barcelona, organizado polo Gremi d'Editors de Catalunya e a UPF Barcelona, evento anual de referencia para o sector editorial e que en 2026 acada a 11ª edición, centrado na análise e debate de oportunidades, novas ideas e solucións de futuro para o sector.

5- Encontro da Edición, que este ano realizase en Santiago de Compostela do 30 de xuño ao 2 de xullo, un evento organizado pola Federación de Gremios de Editores de España no que participarán as asociacións e gremios de editores con participación das administracións públicas galegas e da Administración Xeral do Estado.

6- Mantemento da AGE. A Asociación Galega de Editoras distribúe os gastos de mantemento da entidade fundamentalmente en:



-Pagamento das cotas da Federación de Gremios de Editores de España. Realizará unha achega de 6.541,52 euros anuais distribuídas en cotas trimestrais.

-Pagamento dos gastos de funcionamento que son tanto fixos (mantemento do local e alugueiro) como variables (telecomunicación, mensaxería, asesoría).

Estas actuacións realizaranse de conformidade a desagregación dos gastos que se recollen no Anexo I. Non obstante poderán realizarse modificacións entre actividades de ata o 25% do gasto subvencionable sempre que se cumpran todos os obxectivos establecidos e se acorde previamente pola comisión de seguimento, a petición escrita da asociación.

TERCEIRA.- XUSTIFICACIÓN DA NON CONCORRENCIA COMPETITIVA

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrència pública para a realización destas actividades, xa que a AGE é a única entidade asociativa e representativa do sector editorial galego.

Por todo o anterior é a AGE a que posúe a especificidade como beneficiaria, así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Así mesmo e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Dirección Xeral de Cultura, para o ano 2026, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan, nos que non é posible promover a concorrència, polas especiais características da entidade coa que se convenia, sendo a AGE a única que pode desenvolver na nosa comunidade autónoma as ditas actividades.

CUARTA.- COMPROMISOS DA CONSELLERÍA. FINANCIAMENTO

A Consellería comprométese a entregarlle á AGE a cantidade de vinte mil euros (20.000 €), como contribución para os gastos de funcionamento da asociación e para a realización das actividades de promoción e consolidación do sector do libro, e asistencia e participación nas Feiras do Libro no ano 2026 que se desenvolverán dentro do ámbito de vixencia do presente convenio. Esta cantidade librarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026 co código de proxecto: 2015 00372



-13.03.432B.481.2: 7.000 €

-13.03.432B.781.1: 13.000 €

Os gastos de funcionamento son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade a subvencionar e son indispensables para a execución da actividade.

Segundo o disposto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería poderá realizar pagamentos anticipados que suporán achegas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións relacionadas co obxecto deste convenio. A cantidade máxima que se achegará como pago anticipado será de 11.500€ (5.000 € que corresponderá aos gastos de funcionamento da AGE e 6.500€ que corresponderá aos gastos derivados das actuacións de carácter cultural), nun único anticipo. O segundo pagamento da cantidade restante non se realizará ata que estean integramente xustificadas a totalidade dos gastos correspondentes á actividade subvencionada.

O artigo 65.1 do Regulamento de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando se prevea a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; o artigo 65.4.i) recolle que quedarán exonerados da constitución de garantía os beneficiarios das subvencións concedidas cando os pagamentos non superen os 18.000 €.

QUINTA.- COMPROMISOS DA ASOCIACIÓN

- A AGE comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

- A AGE comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa, dixital, como audiovisual- a colaboración da Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo, a AGE deberá dar cumprimento ás obrigas de publicidade que se establecen no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e artigo 20.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- A AGE comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tal como se recolle no apartado d) deste artigo, a AGE ten a obriga de comunicar a obtención doutras



axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, Regulamento de subvencións de Galicia. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

- A AGE ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas, así como presentar a avaliación de resultados que figura na estipulación décimo segunda.

SEXTA.-COMPATIBILIDADE

A obtención desta axuda é compatible coa obtención doutras axudas, subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais. A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver, que figura no convenio.

SÉTIMA.- COMPROBACIÓN DE DATOS

Para a tramitación deste convenio consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

Certificacións da AEAT, da Tesourería Xeral da Seguridade Social e da consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de non ter pendente ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

No caso de opoñerse a esta consulta, deberán indicalo expresamente e, ao mesmo tempo, achegar os documentos oportunos. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Así mesmo, de acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, o beneficiario deberá presentar unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, sinaladas nos apartados 2 e 3 do citado artigo. Esta declaración deberá presentarse antes da sinatura do convenio.



OITAVA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada pola subdirectora xeral de Bibliotecas e do Libro da Consellería e polo presidente da AGE, ou persoas en quen deleguen.

Serán funcións da devandita Comisión a coordinación e seguimento das obrigas das partes no presente convenio e a resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan proporse con respecto ao convenio.

NOVENA.- GASTOS SUBVENCIONABLES. XUSTIFICACIÓN

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007. A data límite de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida, é o 2 de decembro do 2026.

1- Serán subvencionables aqueles gastos que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, dentro do prazo establecido e pagado antes de finalizar o período de xustificación. En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As nóminas presentadas como xustificación deberán corresponder ao período e realización das actividades e na proporción de dedicación da xornada que realmente se dedique as mesmas. Só se admitirán cando a entidade participe na organización da actividade e deberán especificar o concepto e o número de horas dedicadas á mesma, así como o prezo por hora. Ningunha deberá superar os 1.600 €.

Para a xustificación de gastos por desprazamentos, deberanse achegar as tarxetas de embarque, billetes de transporte público (metro, autobús,...), etc, e as facturas expedidas polos correspondentes establecementos hoteleiros, que acrediten a pertinencia de cada gasto á actividade económica de que se trate. En todos os casos os xustificantes deberán garantir a trazabilidade de cada gasto e se deberán presentar as facturas aboadas co xustificante de pago da entidade beneficiaria. Non serán obxecto de subvención este tipo de gastos realizados na localidade na que radica a sede da entidade beneficiaria.



O persoal da AGE que asista a xuntanzas organizadas por outros organismos ou entidades do libro, deberá xustificar a asistencia achegando a convocatoria do órgano, a orde do día e a acta da reunión asinada polo presidente/a e o secretario/a da entidade .

Os gastos de representación, para ser considerados como tales, é preciso que sexan necesarios, lóxicos e directamente vinculados á actividade económica da que se trate; así como cun coste adecuado ao promedio para cubrir a necesidade específica determinada. Os conceptos deben especificarse de xeito claro e o importe xustificarse mediante facturas detalladas que inclúan o motivo, data, participante e datos do proveedor. Non se admitirán os recibís nin as notas de cargo.

2- De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2026, ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan, en todo caso, á natureza da actividade subvencionada.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarse electronicamente na Carpeta cidadá da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/a-mina-sede>

A AGE presentará electronicamente a xustificación da subvención dentro do prazo establecido e incluírá a seguinte documentación:

1. Unha memoria de actuacións xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas, programa detallado e duración (para o suposto de encontro da edición, forum edita...) , evidencias (fotos, carteleria...) e dos resultados obtidos.

2. Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

2.1. Unha relación clasificada dos gastos e investimentos de cada unha das actividades, con identificación da actividade, nº de factura, acredor, importe, data de emisión, data de pagamento, e os totais por entidade segundo o modelo do Anexo II.

2.2. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación documentos á que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Non se admitirán como xustificantes de gasto os albarás , as notas de entrega nin facturas pro forma.



3. Cando a actividade fose financiada, ademais de con esta subvención con fondos propios da entidade, deberá acreditarse na xustificación, así como o acredor, o núm. de factura, o importe e a aplicación de tales fondos ás actividades.

4. Unha relación detallada, se é o caso, doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

A presentación desta información completa é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, non será admisible unha xustificación incompleta ou parcial .

O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. Cando a Consellería advirta un exceso de financiamento, minorará a subvención na parte proporcional. En caso contrario procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

No caso de que a AGE non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

De acordo co disposto no artigo 30.1 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a Consellería comprobará a adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión da subvención.

DÉCIMA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- PUBLICIDADE

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificadores das persoas asinantes.



Así mesmo, a AGE, acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

DÉCIMO SEGUNDA.- AVALIACIÓN DE RESULTADOS

Co fin de valorar os resultados finais en relación aos fondos públicos, xunto coa xustificación, a AGE deberá enviar unha avaliación dos resultados obtidos nas actividades obxecto do convenio, de acordo coas indicacións dadas pola Consellería.

DÉCIMO TERCEIRA.-CAUSAS DE RESOLUCIÓN E MODIFICACIÓN

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para rescindilo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando conorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por transcurso do prazo de vixencia do presente convenio.

O convenio poderá ser obxecto de modificación de conformidade co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, cando a modificación teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sus-



tentabilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.”

DÉCIMO CUARTA.- RÉXIME XURÍDICO

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento, Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

DÉCIMO QUINTA.-CONSENTIMENTO DAS PARTES EN MATERIA DE PROTECCIÓN DE DATOS

As persoas asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen neste e máis o resto de especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto. Así mesmo, as persoas asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que as súas rúbricas consten nas copias que se remitan para a súa publicación no referido portal.

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica do tratamento dos datos persoais.

Para o cumprimento da finalidade deste convenio, cada unha das partes declara e garante que, con anterioridade á subministración á outra parte de datos persoais de calquera persoa física involucrada na sinatura deste convenio ou no seu desenvolvemento, informará as persoas interesadas de forma lícita, leal e transparente das garantías sobre política de protección de datos persoais incluída no presente documento, e tamén doutros requisitos que puidesen ser de aplicación para a correcta cesión dos seus datos persoais á outra parte. Para tales efectos, as páxinas webs das partes asinantes deste acordo <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos> e <http://www.editorasgalegas.gal> conteñen información relativa ao tratamento dos datos persoais e o modo en que poden exercer os seus dereitos, o contacto cos delegados ou delegadas de protección de datos e demais aspectos esixidos pola normativa vixente no que se refire aos dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, así como aos dereitos de transparencia da información, de supresión, limitación, portabilidade ou reclamación.



Os datos persoais conservaranse durante o tempo necesario para o cumprimento da finalidade obxecto deste convenio e, con posterioridade ao remate da súa vixencia, polo tempo de prescrición das accións legais correspondentes para a tutela do dereito á protección de datos persoais. Os datos destruíranse logo de que transcorra o referido prazo de prescrición.

As partes non lles cederán a terceiros os datos persoais tratados ao abeiro deste convenio, agás aqueles que sexan estritamente necesarios para publicar a identidade páxinas web, nos taboleiros de anuncios, nas redes sociais ou nos medios de comunicación que ambas as dúas partes asinantes determinen.

Os representantes das partes asinantes e demais titulares dos datos tratados ao abeiro deste convenio poderán exercer os seus dereitos de acceso, oposición, rectificación, supresión e limitación mediante o envío dunha petición razoada dirixida á sede da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude en Santiago de Compostela (Edificio Administrativo de San Caetano, s/n), ou no seu enderezo electrónico <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Así mesmo, as persoas interesadas que consideren lesionado o seu dereito á protección de datos poderán presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.agpd.es).

DÉCIMO SEXTA.-VIXENCIA

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2026

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN

Será de aplicación a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, que segundo o disposto no artigo 31.4, este convenio poderá ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

DÉCIMO OITAVA.-NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles



electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO NOVENA.- POSIBILIDADE DE DESISTENZA DO CONVENIO

A Administración da Comunidade Autónoma poderá desistir da tramitación deste convenio.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en todas as estipulacións. Esténdese en duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude O Presidente da Asociación Galega de Editoras

José López Campos

Miguel Toval Porta



ANEXO I

1.- Mantemento da Entidade					
Área de traballo	CONCEPTOS	prezo	IVE	Prezo total	Achega Xunta
Telecomunicacións	R, Wifi, Web...	723,64€	192,36€	916,00€	442,00€
Asesorías	Contable, Fiscal, Asesoramento Dereitos...	2.765,00€	735,00€	3.500,00€	1.600,00€
Federación Gremios Editores	Cotas Trimestrais	6.541,52€		6.541,52€	3.270,00€
Envíos mensaxería	Mrw, Correos	71,10€	18,90€	90,00€	90,00€
Mantemento local	Luz, Limpeza...	474,00€	126,00€	600,00€	98,00€
Alugueiro local	Alugueiro	3.148,94€	837,06€	3.986,00€	1.500,00€
	Subtotal	13.724,20€	1.909,32€	15.663,52€	7.000,00€
2. Sesións formativas					
Área de traballo	CONCEPTOS	prezo	IVE	Prezo total	Achega Xunta
Xornadas formativas dirixidas	Gastos persoal organización (nómina)	550,00€	--	550,00€	
Xornadas formativas dirixidas	Gasto docente (viaxe, hotel e/ou honorarios)	1.200,00€	--	1.200,00€	
	Subtotal	1.750,00€		1.750,00€	900,00€
3. Encontro Edición Compostela					

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE
 Dirección Xeral de Cultura
 Edificio Administrativo San Caetano, s/n
 15781 Santiago de Compostela



Área de traballo	Conceptos	prezo	IVE	Prezo total	Achega Xunta
Organización	Desprazamentos e poñentes	545,00€	--	545,00€	
Organización	Gastos persoal organizador (nóminas)	4.000,00€	--	4.000,00€	
	Subtotal	4.545,00€		4.545,00€	
4. Participación e asistencia a xuntanzas e/ou eventos do sector editorial					
Área de traballo	Conceptos	prezo	IVE	Prezo total	Achega Xunta
Asistencia a reunións: Xaneiro, directiva Federación Gremios Editores de España	Viaxes e/ou hotel do persoal e/ou directiva	370,00€	--	370,00€	
	Gastos persoal (nóminas)	300,00€		300,00€	
	Gastos de representación	148,72€		148,72€	
Asistencia a reunións: secretarior, xaneiro, directiva Federación Gremios Editores de España	Viaxes e/ou hotel do persoal e/ou directiva	157,00€		157,00€	
	Gastos persoal (nóminas)	300,00€		300,00€	
Asistencia a reunións: febreiro, directiva Federación Gremios Editores de España	Viaxes e/ou hotel do persoal e/ou directiva	260,00€		260,00€	
	Gastos persoal (nóminas)	99,00€		99,00€	
Asistencia a reunións: marzo, directiva Federación Gremios Editores de España	Viaxes e/ou hotel do persoal e/ou directiva	270,00€		270,00€	

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE
 Dirección Xeral de Cultura
 Edificio Administrativo San Caetano, s/n
 15781 Santiago de Compostela



tores de España	Gastos persoal (nóminas)	300,00€		300,00€
	Gastos de representación	100,00€		100,00€
Asistencia a reunións: maio, directiva Federación Gremios Editores de España	Viaxes e/ou hotel do persoal e/ou directiva	180,00€		180,00€
	Gastos de representación	90,00€		90,00€
Asistencia a reunións: xuño, directiva Federación Gremios Editores de España	Viaxes e/ou hotel do persoal e/ou directiva	230,00€		230,00€
	Gastos de representación	90,00€		90,00€
Asistencia a reunións: xullo, directiva Federación Gremios Editores de España	Viaxes e/ou hotel do persoal e/ou directiva	160,00€		160,00€
	Gastos persoal (nóminas)	300,00€		300,00€
	Gastos de representación	120,00€		120,00€
Asistencia a reunións: setembro, directiva Federación Gremios Editores de España	Viaxes e/ou hotel do persoal e/ou directiva	160,00€		160,00€
	Gastos persoal (nóminas)	90,00€		90,00€
Asistencia a reunións: outubro, directiva Federación Gremios Editores de España	Viaxes e/ou hotel do persoal e/ou directiva	400,00€		400,00€
	Gastos persoal (nóminas)	300,00€		300,00€

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE
Dirección Xeral de Cultura
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela



	Gastos de representación	160,00€		160,00€	
Asistencia a reunións: novembro, directiva Federación Gremios Editores de España	Viaxes e/ou hotel do persoal e/ou directiva	260,00€		260,00€	
	Gastos persoal (nóminas)	300,00€		300,00€	
Asistencia a reunións: CEDRO e xunta directiva da federación, abril, Madrid	Viaxes e/ou hotel do persoal e/ou directiva	300,00€		300,00€	
	Gastos persoal (nóminas)	300,00€		300,00€	
	Gastos de representación	150,00€		150,00€	
	Subtotal	5.894,72€		5.894,72€	5.000,00€
5. Evento Forum Edita Barcelona					
Participación no evento	Viaxes e/ou hotel do persoal e/ou da directiva	1.200,00€		1.200,00€	
Participación no evento	Gastos de persoal (nóminas)	400,00€		400,00€	
Participación no evento	Gastos de representación	150,00€		150,00€	
	Subtotal	1.750,00€		1.750,00€	1.500,00€
6. Simposio do Libro e a Lectura					
Área de traballo	Conceptos	prezo	IVE	Prezo total	Achega Xunta



Organización do Evento	Gastos de persoal organización (nóminas)	850,00€	--		
Honorarios	Honorarios conferenciantes	600,00€	--		
Desprazamentos	Viaxes conferenciantes	600,00€	--		
Pernoctas	Hotel conferenciantes	300,00€	--		
Deseño	Deseño/imprenta cartelería	474,00€	126,00€	600€	
Restauración	Catering café	309,00€	30,90€	339,90€	
Restauración	Restauración	153,00€	17,00€	170,00€	
	Subtotal	3.286,00€	173,90€	3.459,90€	2.600,00€
Custo total do proxecto obxecto do convenio		Achega Xunta		Achega AGE	
33.033,14€		20.000,00€		13.033,14€	



